

EXERCICIOS DE REPASO DO TEMA 3. A ORGANIZACIÓN DA ECONOMÍA.

Nome e apelidos:	
------------------	--

1. Pensa. Sinala cal destas afirmacións pertence ás necesidades primarias e cal ás necesidades secundarias:

- a) Bens e servizos que son necesarios para a nosa supervivencia.
- b) Bens e servizos que contribúen ao benestar das persoas, pero non son imprescindibles para a nosa supervivencia.
- c) A través da necesidade e da moda asumímolos como imprescindibles.
- d) Os alimentos e a auga son algúns dos seus exemplos.
- e) As actividades destinadas ao lecer son.....

2. A que sector económico pertencen as seguintes frases:

- a) Actividades que transforman as materias primas en bens elaborados.
- b) A agricultura a gandería a pesca e a explotación forestal pertencen ao sector....
- c) Denomínase tamén sector servizos.
- d) A minaría, a construción a industria e a enerxía son exemplos de.....
- e) Non produce nen transforma senón que lle proporciona servizos ás persoas para satisfacer ás súas necesidades.

3. En que se diferencian as Empresas e o Estado cando poñen a disposición das persoas bens e servizos?

- a) Manter as prestacións sociais
- b) Realizar a produción e distribución de bens
- c) Obter un beneficio económico
- d) Pagar impostos
- e) Buscar o benestar social

4. Observa as seguintes frases e sitúa cada frase na columna correspondente:

Aumenta a competencia por vendelos. Incremento dos excedentes. Baixan os prezos. Escaseza de excedentes. Aumenta a competencia por mercalos. Soben os prezos.

OFERTA SUPERIOR Á DEMANDA	DEMANDA SUPERIOR Á OFERTA

5. Selecciona as principais características para a economía capitalista e para a economía planificada do Estado.

- Total predominio sobre outros axentes económicos.
- O mercado regula mediante a lei da oferta e da demanda.
- Libre competencia e propiedade privada.
- Principal propietario dos medios de produción e distribución.
- Respecto polas iniciativas individuais.
- Intervención na economía e encárgase de tarefas de distribución de recursos.

6. Sinala, das seguintes frases, cal é unha vantaxe e cal é una desvantaxe da globalización:

- Acceso universal á cultura e a ciencia.
- Aumento dos desequilibrios económicos.
- Desigualdade social a través da concentración da riqueza económica.
- Intercambio cultural e científico entre países.
- Desenvolvemento dos sistema de comunicación global.
- Estandarización da cultura mundial e perda da identidade propia de cada país.
- Mellores condicións de vida en case todos os países.
- Influencia negativa nos ecosistemas e sobre o quecemento global.
- Redución dos custos de produción e aumento da competitividade.